

PRIMEIRO ANUARIO DAS AVES DE GALICIA

ANOS 1992 - 1993

Editores:

Ignacio Munilla e José Guitián

CONTIDOS

Presentación -----	2
Lista Sistemática -----	3
Lista de autores -----	49
Lembranza de Salvatore Bongiorno -----	50
Ornitólogo do ano -----	51

NOVEMBRO 1994

PRESENTACION

Todo ornitólogo ou afeccionado as aves que se precie, ademais dos prismáticos procura levar no peto unha libreta e un lapis cos que tomar nota das observacións do día (claro que en ocasións os datos se collen en calquera papeliño que as máis das veces vai parar a lavadora). O caso é que a meirande parte de toda esta información non pasa do ámbito persoal, xa que non existe unha publicación axeitada para recollela; en definitiva, pérdese. A nosa intención primeira, cando fixémo-la proposta dun Anuario no II Congreso de Ornitoloxía foi a de crea-los medios para que isto non ocorra: non hai máis que imaxinar a cantidade de datos que estarían a disposición de todos si xa se levasen dez anos de anuarios.

Aínda por riba, nos últimos anos o estudio e observación das aves en Galicia colleu un grande pulo, e parécenos que xa é tempo de que se coñeza a nosa capacidade, tanto dos que traballamos no estudio das aves como dos que dedican a elas moitas das súas horas de lecer.

Xa rematado este traballo, non queda máis que esperar que vaia adiante, e que a partir desta data o envío de datos ós futuros anuarios sexa unha tarefa habitual para tódo-los ornitólogos, e que haxa grande competencia para o nomeamento do "ornitólogo galego do ano"

Ignacio Munilla
José Guitián

LISTA SISTEMÁTICA

Neste primeiro anuario publícanse case que tódalas citas enviadas referentes a observacións de aves en Galicia nos anos 1992 e 1993. Aínda así, foron eliminadas as que, segundo a nosa opinión, non tiñan interese, as citas incompletas e as pouco precisas. Neste senso recoméndase o máximo rigor no envío de datos; noutras palabras, se non son datos seguros sería mellor non dar traballo ós editores.

Para todos aqueles que non están afeitos a este tipo de anuarios, lembramos que os seguintes tipos de observacións teñen grande interese: a) Chegadas de especies estivais; b) Últimas datas de aves estivais; c) Chegadas de invernantes; d) Últimas datas de invernantes; e) Rexistros de rarezas, aves accidentais e ocasionais; f) Rexistros de aves escasas ou cunha área de distribución pequena, especialmente se a observación é fóra da devandita área; g) Comentarios (mellor se están baseados en datos recollidos de xeito sistemático) sobre os cambios no tamaño das poboacións aínda que sexan especies comúns. Son válidos tamén datos sobre a abundancia excepcional das especies nos pasos e invernada, sempre que se trate de localidades ben coñecidas; h) Censos de colonias de reprodución de calquera especie; i) Rexistros de nidificación das aves do apartado "f"; j) Calquera observación de comportamento (nidificación, trófico, etc.) pouco usual; k) Rexistros de individuos melánicos, albelos ou morfolóxicamente diferentes.

Por último, pensando nas persoas que terán que face-lo traballo de colleita e procesado das citas, é importante manda-las observacións ós poucos, mellor cada tres ou catro meses. No caso de enviar datos de varias especies, axuda moito que a relación siga a orde sistemática.

Seguímo-la lista patrón de De Juana (1994: Lista de las Aves de la Península Ibérica. SEO-Bird Life), tanto no que ten que ver coa clasificación sistemática e nomenclatura científica, como nos nomes españois das aves. Os nomes galegos son na meirande parte das veces os que dan Penas et al. (1991: Guía das Aves de Galicia); aínda que é ben certo que non puidemos resistirnos a poñer denominacións da nosa propia colleita.

De acordo con recentes traballos, esta lista recoñece como especies a *Larus cachinnans*, *Puffinus yelkouan* e *Anthus petrosus*. Por outra banda, considerouse interesante a inclusión das cifras de efectivos invernantes recollidas nos censos de inverno dos anos 1992 e 1993, publicados pola Consellería de Agricultura; nestes censos participan moitos dos ornitólogos que contribuíron ó Anuario e é quizais o único traballo sobre aves que se fai de xeito sistemático en Galicia.

Os datos de cada especie van precedidos polo seu nome científico, un nome galego e mailo nome español, diferenciándose tamén a información recollida para cada un dos dous anos, ou no seu defecto para o único ano con datos. As datas danse sempre con seis díxitos, ou con catro se é que se fala de mes e ano. As provincias represéntanse por medio das seguintes abreviaturas: Coruña (CO), Lugo (LU), Ourense (OU) e Pontevedra (PO), asemade dalgunhas informacións de Asturias (AS) e León (LE). Os autores (iniciais e primeiro apelido) das observacións figuran ó final da mesma. Esta autoría supón a propiedade dos datos e como tal han de ser citados na bibliografía.

A lista non recolle as especies da avifauna galega para as que non houbo datos de interese.

GAVIA STELLATA Mobella pequena Colimbo Chico

- * Invernantes 1992: 3, todos eles na ría de Arousa.
- * 2601-220292, 1 ave na Lanzada, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez
- * 23-240193; 2 na enseada da Coruña; A. Rodríguez.

GAVIA ARCTICA Mobella artica Colimbo Artico

- * Invernantes 1992: 20 (15 na ría de Noia).
- * 040492, derradeira data de observación de 1-2 aves que pasaron o inverno na Lanzada. 281192, primeira data do segundo periodo invernal na mesma enseada, tamén 1-2 aves; A. Rodríguez.
- * 040292, 8 en Carnota (CO); C.Cortizo. O día seguinte, cando menos 15, xunto con outras mobellas; J. Mouriño.
- * 210392, 3 aves, das cales 2 amosaban xa plumaxe nupcial, Areamaior, O Vicedo (LU); J. Mouriño.
- * Invernantes 1993: 3
- * 020193, 3 aves na enseada da Lanzada, Sanxenxo (PO); no segundo periodo invernal 2 aves na segunda semana de decembro; A. Rodríguez.

GAVIA IMMER Mobella grande Colimbo Grande

- * Invernantes 1992: 58 (53 na Costa da Morte).
- * 110492, 3 mobellas, unha delas xa con plumaxe nupcial; enseada de Razo-Baldaio, Carballo (CO); J. Mouriño.
- * Invernantes 1993: 19 (máximo 11 na Costa da Morte).
- * 180493; 4 aves (3 con plumaxe nupcial) na Lanzada; A. Rodríguez.

GAVIA ADAMSII Mobella biquibranca Colimbo de Adams

- * Invernantes 1992: 1 na Costa da Morte;

TACHYBAPTUS RUFICOLLIS Choupón pequeno Zampullín Chico

- * Invernantes 1992: 461 (225 na Limia e encoros ourensans).
- * Estudio da súa nidificación na provincia de Ourense: 100-120 parellas destacando A Limia e máis Castrelo de Miño como localidades principais; S.González, A.Villarino.
- * Cando menos 8 parellas nidificantes en dúas barreiras do concello de Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.
- * Posible cría tardía: 071192, adulto cebando a xuvenil, Cospeito (Lugo); L. J. Salaverri.
- * Invernantes 1993: 349

* O período reproductor abrangue máis de 5 meses: 180493, adultos con polos na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri. 020993, adulto con tres polos recién nados na lagoa de Sobrado (CO); I. Munilla.

PODICEPS CRISTATUS Somorgullo cristado Somormujo Lavanco

* Invernantes 1992: 190 (165 na provincia de Ourense).

* Estudio do seu estatus reproductor na provincia de Ourense: Cría confirmada unicamente no encoro de S.Martiño con 9 parellas (un 35% menos que no ano 1988); S.González, A.Villarino.

* 310192, 3 aves, 2 delas amagan parada nupcial; encoro de Pumares, Rubiá (OR); Asier Rodríguez.

* 210792, 5 aves en plumaxe nupcial no encoro das Conchas, Bande (OU); A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 211 (158 na provincia de Ourense)

* 240193, 2 aves na enseada do Orzán, A Coruña; A. Rodríguez.

* 020293, 1 na lagoa de Louro (CO); C. Cortizo.

* 050693, 1 en plumaxe nupcial en areeira da Limia (OU); J. Mouriño.

PODICEPS GRISEGENA Somorgullo cincento Somormujo Cuellirrojo

* 050292, 1 na ría de Camariñas, (CO); J. Mouriño.

* 081192, 1 na enseada da Lanzada, Sanxenxo (PO); F. Arcos, R. Salvadores, I. Mosquera.

* Invernantes 1993: 2, todos na ría do Eo (LU).

* 270493, ave en plumaxe nupcial, Barra, Cangas (PO); C. Vidal.

PODICEPS AURITUS Somorgullo real Zampullín Cuellirrojo

* Invernantes 1992: 2.

* 110192-040492, 2 na enseada da Ladeira, Baiona (PO); R. Costas, A. Gil, C. Vidal, R. Salvadores.

* Invernantes 1993: 1 na ría do Eo.

* 141193, 2 en plumaxe de inverno no esteiro do Miño (PO); J. L. Ucha.

PODICEPS NIGRICOLLIS Somorgullo orelleiro Zampullín Cuellinegro

* Invernantes 1992: 34 (24 na beiramar de Lugo)

* Invernantes 1993: 39, (26 na ría do Eo).

FULMARUS GLACIALIS Fulmar Fulmar

* 300492, 1 fulmar voando por sobre da colonia de gaivotas nos cantiles da Sisarga Grande (CO) durante 2 minutos, antes de ser botada fóra por un inmaturo de L. cachinnans; J. Mouriño, P. Alonso.

PUFFINUS GRISEUS Pardela curricacho Pardela Sombría

* 230792, 3 aves voando cara ó Sur, na bocana da ría de Pontevedra; J. Mouriño.

PUFFINUS PUFFINUS Pardela furabuchos Pardela Pichoneta

* 060992, 430 aves na enseada da Lanzada, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.

PUFFINUS YELKOUAN Pardela Mediterránea Pardela Mediterránea

* 200192, observación invernal de 2 + 5 aves entre as Illas Cíes e a Costa da Vela, Cangas (PO); J. Mouriño, F. Sierra, P. Sierra.

* Primeiras observacións primaverais: 130592, 4 + 8 aves ó SO. das Illas Sisargas (CO). 200592, 15 aves pousadas no mar na costa da Vela, Cangas (PO); J. Mouriño.

HYDROBATES PELAGICUS Paíño do mal tempo Paíño Común

* Confírmase a nidificación do paíño en Galicia: No Vilán de Fóra, Camariñas (CO) foron capturadas 10 aves con placa incubatriz, e no Cabo Prior (CO), atopouse un niño cun polo e restos de 7 ovos; R. Costas, M. G. Pousa, V. X. Cabaleiro.

SULA BASSANA Mascato común Alcatraz Común

* Varias observacións estivais, maiormente inmaturas, destacando: 200592, 25 na costa da Vela, Cangas (PO). 50, nas Illas Sisargas (CO); J. Mouriño.

* Forte paso cara ó norte, 456 aves/h. na Illa de Ons; J. Mouriño.

* 100593, 20 entre inmaturas e xuvenís, Muxía (CO); J. Mouriño.

PHALACROCORAX CARBO Corvo mariño real Cormorán Grande

* Invernantes 1992: 2985 (1083 na ría de Arousa).

* 190192, cóntanse 771 aves no seu camiño os durmideiros na enseada Umia-O Grove (PO); A. Rodríguez.

* Varias observacións estivais: 010692, inmaturo nas Sisargas (CO); 020692, 1 no cabo Vilán (CO); 020692, 1 en Muxía (CO); 220692, 2 no cabo Vilán (CO); J. Mouriño.

* Na enseada Umia-O Grove, presentes ata o 090592; no segundo período invernal a partir do 310892; A. Rodríguez

* Invernantes 1993: 3137 (1080 na ría de Arousa).

* 120293, 80 nunha batea fronte a Barraña, Boiro (PO); I. Munilla, J. Gutián.

* Na enseada Umia- O Grove, presentes ata ó 180493 e a partir do 030893; A. Rodríguez.

PHALACROCORAX ARISTOTELIS Corvo mariño cristado Cormorán Moñudo

* Invernantes 1992: 1498

* Primeiros en comeza-la cría: 050292, 5 niños con aves chocando no Gavoteiro, Fisterra (CO); J. Mouriño.

* 100392, 3 parellas nidificantes na Punta Langosteira, Arteixo (CO); I. Munilla, B. López.

* 16,220692, bota fóra dunha repisa a U. aalge cando menos en 3 ocasións; Illas Sisargas; J. Mouriño.

* 050892, adulto aínda chocando na Illa de Ons, (PO); J. Mouriño.

* Censo da poboación nidificante nas Illas Cíes, e estudio da bioloxía da reprodución: 997 parellas; I. Munilla, J. Mouriño, P. Alonso, B. López.

* Invernantes 1993: 1711.

* Primeiros en criar: 300193, 26 adultos en plumaxe nupcial, maioría ocupando niño e emparellados no Burato do Inferno, Illa de Ons; J. Mouriño.

BOTAURUS STELLARIS Avetouro común Avetoro Común

* 210392, 1 en Cospeito (Lugo); L.J. Salaverri.

IXOBRYCHUS MINUTUS Garza pequena Avetorillo Común

As citas de nidificación recollidas permiten axusta-la súa área de cría en Galicia.

* Observacións en Budiño, O Porriño (PO): 050592, un ave; J. Mouriño, R. Rodríguez, F. Sierra. 110692, unha parella; J. Torres.

* 0905-030792, Intento de cría dunha parella na Barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.

* 0792, cría confirmada dunha parella na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.

* 1992: Estímanse 5 parellas nidificantes na provincia de Ourense (3 con cría segura), 3 na Limia e 2 en Beade; A. Villarino, S. González.

* 100593, unha parella en Budiño; J. Torres

NYCTICORAX NYCTICORAX Garza noiteira Martinete

* 181092, inmaturo na barreira da Fianteira, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.

* 200792, inmaturu nas ribeiras do Tambre, Busto, Santiago (CO); A. Rodríguez.

BULBULCUS IBIS Garza mediana Garcilla Bueyera

* Invernantes 1992: 3 (2 en Sabón e 1 en Umia-O Grove).

* 020292, 2 posiblemente adultos no encoro de Sabón, Arteixo (CO); J. A. de Souza.

* 110492, 1 na barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.

* 130492, 1 en labradíos preto de Xinzo (OU); F. Arcos, M. A. Fernández, R. Salvadores, X. Barcia.

EGRETTA GARZETTA Garzota Garceta Común

* Invernantes 1992: 352 (196 na ría de Arousa)

* Invernantes 1993: 345 (130 na ría de Arousa)

* Varias observacións na provincia de Ourense: 250993, 8 adultos no río Miño en Pereiro de Aguiar; 260993, 1 adulto en Rivela, Coles (OU); 231093, 1 adulto en Vilar de Santos (OU); A. Villarino.

EGRETTA ALBA Garza branca Garceta Grande

* Invernantes 1992: 1 na ría de Ortigueira.

* Invernantes 1993: 1 na mesma ría que no ano anterior.

ARDEA CINEREA Garza real Garza Real

* Invernantes 1992: 1230, ben repartidas.

* 050992, 92 na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.

* Invernantes 1993: 1075

* O 93 foi o terceiro ano de invernada dun individuo con marcas roxas nas ás na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.

* 120293, 21 nunha batea de Barraña, Boiro (CO); I. Munilla, J. Guitián.

* 301293, 145 pousadas na duna a cuberto de forte temporal na Area de Nemiña, Muxía (CO). J. Guitián, T. Bermejo.

ARDEA PURPUREA Garza imperial Garza Imperial

* 260493, 2 aves en plumaxe nupcial na lagoa de S. Pedro de Muro, Porto do Son, (CO). J. Mouriño.

* 010993, 1 nas Gándaras de Budiño, O Porriño (CO); J. Torres

CICONIA NIGRA Cegoña negra Cigúeña Negra

* 040792, 1 voando por sobre o encoro de S. Martiño xunto con 1 C.ciconia, A Rúa (OU); F. Arcos, C. Luciarte.

* 310793, adulto pasa voando cara ó sur na Illa de Ons, Bueu (PO); F. Arcos.

CICONIA CICONIA Cegoña branca Cigúeña Común

* 170592, 12 por sobre da ría de Foz (LU); L.J. Salaverri

* 030892, xuvenil moi canso collido coa man na Illa de Ons e posteriormente trasladado ó Centro de recuperación da fauna salvaxe de Castiñeiras; J. Mouriño.

* Estudio do estatus reproductor da especie en Galicia no ano 1992: Das 33 parellas nidificantes (23 en Ourense; 9 en Lugo e 1 en Pontevedra), 24 sacaron polos sobranceiros o que fai unha productividade media de 2,28 polos/niño; nótase un grande incremento con respecto a anos anteriores; F. Arcos, R. Salvadores, J. C. Laxe. Os dous adultos do único niño de Pontevedra (Cerguido, O Porriño) apareceran mortos; J. Mouriño.

* Primeiras de volta: 230293, 2 no vasureiro da Rúa (OU); I.Munilla. 2 en Rairiz da Veiga (OU); J. Mouriño.

* 160393, 1 sobre Santiago de Compostela; M. Fuentes.

* 03-0493, observacións continuadas dunha ave en fincas do polígono industrial de S. Cibrao das Viñas (OU); J. Lorenzo.

* Datos de nidificación en Lugo: 130693, niño sobre carballo demoucado con dous polos xa grandes, A Pastoriza. 260693, niño sobre carballo demoucado, cando menos cun polo. Bazar, Castro de Rei; L. J. Salaverri.

* No ano 1993 contáronse un total de 16 parellas na Limia, onde a máxima concentración observada foi de 28 aves no mes de Xuño, J. Mouriño, P. Alonso.

* Parece como se algunhas non marchasen: 311293, 1 en niño, A Rúa (OU); J. Guitián.

PLEGADIS FALCINELLUS Mazarico mouro Morito

* 221192, 2 na enseada Umia-O Grove; A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 1, no esteiro do Miño.

* 29-300493, 1 inmaturo na lagoa de Cospeito (LU); L. J. Salaverri

* Varias observacións no derradeiro tercio do ano no esteiro do Miño (PO): O primeiro mazarico mouro foi visto o 130993, mentres que as 3 aves do 071293

foron o número máximo, seguido por 2 ó 23,251093. A última cita é do 181293; J. Torres, J. L. Ucha, C. Vidal.

PLATALEA LEUCORODIA Cullereiro Espátula

* Invernantes 1992: 15 (13 na enseada Umia-O Grove).

* 6-8 cullereiros ó final do verán: 120792, 1 adulto en plumaxe nupcial na ría de Foz (LU); L.J. Salaverri. 180992, 2 na beira portuguesa do esteiro do Miño, e 4 xuvenís na beira galega ó 280992; J. Mouriño e C. Vidal. 091092, 1 na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.

* Invernantes 1993: 16 (14 na enseada Umia-O Grove)

* Outras na primeira metade do ano: 100193, 1 con anel na ría de Foz (LU); L.J. Salaverri. 150493, 2 xuvenís en Baldaio, Carballo (CO); M. López Caeiro. 160593, adulto en plumaxe nupcial na Veiga da Saínza, Porqueira (OU), F. Arcos, C. Luciarte. Vista tamén ó 040693, J. Mouriño, P. Alonso.

* Paso patente tanto na costa como no interior: 21-280993, 4 inmaturos, un deles foi anelado na illa de Vlieland (Holanda) ó 090693, lagoa de Bardancos (LU); L. J. Salaverri. 250993, 3 na ría de Foz (LU); L.J. Salaverri. 111093, 3 na marisma da Ramallosa, Baiona (PO) a mañá, e 5 na enseada de S. Simón, Vilaboa (PO) no serán do mesmo día; F. Arcos, M. A. Conde, R. Salvadores. 161093, 4 na lagoa de Cake, Castro de Lea (LU); A. Callejo. 291093, adulto na Xunqueira do Lagares, Vigo (PO); J. A. López, A. Santos.

* Dato de invernada: 061293, 29 na enseada Umia-O Grove (PO); R. Salvadores, T. Salvadores.

CYGNUS OLOR Cisne real Cisne Vulgar

* 24,270192, inmaturado posiblemente escapado no encoro de Cecebre, (CO). J. Mouriño.

* 141292, 3 na ría de Ortigueira, (CO); Asier Rodríguez.

* 290893-121293. 1 adulto na ría de Foz (LU), posiblemente escapado de xardín particular no concello de Alfoz (LU); L.J.Salaverri.

ANSER ALBIFRONS Anser careto grande Anser Careto Grande

* Invernantes 1992: 2 en Valdoviño. Esta visita excepcional alongouse cando menos ata o 270192; J. Mouriño.

ANSER ANSER Anser cincento Anser Común

* Invernantes 1992: 12 (5 na ría do Eo).

* 231092, 1 no encoro de Castrelo de Miño (OU); C. Vidal.

* 011192-170193, 5 aves no esteiro do Miño, A Guarda (PO); J. Torres, C. Vidal, A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 8 (5 no esteiro do Miño).

* 021193, 13 no esteiro do Miño, A Guarda (PO); C. Vidal. Contáronse 14 doce días máis tarde; J.L. Ucha.

BRANTA BERNICLA Ganso cabecinegro Barnacla Carinegra

* Invernantes 1992: 84 (60 na ría de Ortigueira).

* Observacións continuadas ate o mes de marzo: 1801-220292, bando na enseada Umia-O Grove; máximo de 56 aves o día 200192; A. Rodríguez. 200192, 17 aves da subespecie nominal a 1 km. da costa, ao SO. da Punta Borneira, Cangas (PO); J. Mouriño, F. Sierra, P. Sierra. 010292, 5 na ría de Foz (LU); L.J.Salaverri. 050292, 1 en Ligunde, Camariñas (CO); J. Mouriño. 290292, 1 no Carregal, Ribeira (CO); C. Luciarde, R. Salvadores, C. Vidal. 220392, adulto e individuo de primeiro inverno da subespecie B. b. bernicla na lagoa de Baldaio (CO); J. A. de Souza.

* 140692, 1 adulto na enseada da Insua, Ponteceso-Cabanas (CO); R. Costas.

* Invernantes 1993: 2, en Ortigueira.

* 13-221193, 2 inmaturos, un deles posiblemente da subespecie B.b.hrota, na ría de Foz (LU); L.J.Salaverri.

* 02-171093, 4 xuvenís no esteiro do Miño, A Guarda (PO). Os días 23,24 e 251093, 3 xuvenís e 2 adultos todos eles da subespecie B.b.hrota; R. Costas, J.L. Ucha, M.G. Pousa, C. Blanco, M. Arias, J. Torres, C. Vidal.

TADORNA FERRUGINEA Pato canelo Tarro Canelo

No inverno 92-93 Ponteceso recibiu a visita de 4 canelos, mentres que na enseada Umia-O Grove o total foi de 5. Completan a lista outras 4 aves en Ponteceso no primeiro semestre do 92 e no segundo periodo invernal do 93, 1 (pode que 2) en Umia-O Grove e 1 nun pequeno encoro do interior. Existe a sospeita de que algúns poidan ser aves escapadas.

* Invernantes 1992: 3 na enseada de A Insua, Ponteceso (CO).

* Patos canelos na enseada da Insua, Ponteceso (CO): 140692, 1 femia; R.Costas. 201292, 4 aves; J. Mouriño.

* 041092, parella con aneis metálicos nos tarsos presente no segundo periodo invernal a partir desta data na enseada Umia-O Grove; A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 6 (4 en Ponteceso, 2 en Umia-O Grove).

* Observacións na enseada Umia-O Grove (PO): A parella que chegou o pasado outubro permanece ata o 250293; posteriormente, 070393, 1 macho e 2 femias todos anelados, quedando o macho ata o 160493; A. Rodríguez.

* No segundo periodo invernal do ano 1993: 1 macho solitario anelado a partir do 181093; A. Rodríguez. 061193 e 201193, 1 femia, J. Torres. Seguramente é a mesma ave que foi observada con detalle o 191293 e que levaba un anel no tarso esquerdo; R. Costas, C. Blanco.

* 02,061093; Nestas dúas datas observouse un ave na compañía doutras anátidas no pequeno encoro de Vilasenín, Ordes (CO), segundo o seu comportamento non semellaba ser escapada; I. Munilla.

TADORNA TADORNA Pato branco Tarro Blanco

* Invernantes 1992: 5 (2 Valdoviño, 2 Baldaio e 1 Cecebre).

- * 010292, 2 na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.
- * Invernantes 1993: 1 na enseada Umia-O Grove.
- * 0101-070393, 1 femia na enseada Umia- O Grove; A. Rodríguez.

ANAS PENELOPE Pato asubión Anade Silbón

- * Invernantes 1992: 5.936 (3.100 na ría do Eo).
- * Invernantes 1993: 4.472, como sempre, máximo na ría do Eo con 2.287
- * 200393, derradeira observación invernada ou paso na lagoa de Cospeito (LU); L. J. Salaverri.

ANAS STREPERA Pato cincento Anade Friso

- * Invernantes 1992: 208 (69 en Valdoviño).
- * Invernantes 1993: 166 (máximo na Frouxeira de Valdoviño con 60 aves)

ANAS CRECCA Cerceta real Cerceta Común.

- * Invernantes 1992: 4.552 (732 na enseada Umia-O Grove).
- * Cospeito recibiu a visita dunha ave americana: 2902-280392, macho da subespecie A. c. carolinensis; L. J. Salaverri.
- * Invernantes 1993: 3.479, bastante repartidos.
- * 180193, 933 na enseada Umia-O Grove; A. Rodríguez.
- * 300493, parella no río Limia, Rairiz da Veiga (OU); J. Mouriño, F. Sierra.

ANAS PLATYRHYNCHOS Alavanco real Anade Real

- * Invernantes 1992: 12.933 (2.685 na Limia e encoros ourensans).
- * Invernantes 1993: 10.657 (máximo na ría de Vigo con 2.188 azulóns)

ANAS ACUTA Pato rabilongo Anade Rabudo

- * Invernantes 1992: 1174 (970 na ría do Eo, superando un ano máis o umbral numérico que marca o seu interese internacional para a invernada da especie).
- * 120792; O primeiro en chegar foi un macho mudando na ría de Foz (LU); L. J. Salaverri.
- * Invernantes 1993: 481 (261 na ría do Eo, a cantidade máis baixa dos últimos anos)
- * 030493, última observación invernada ou paso, Lagoa de Cospeito (LU); L.J.Salaverri.

ANAS QUERQUEDULA Cerceta do estío Cerceta Carretona

* Datos do paso prenupcial: 140392, 9 en Cospeito (LU); L.J.Salaverri. 1403-050492, 1 macho na Barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez.

* 020892, macho en muda na lagoa de Sobrado (CO); J. A. de Souza.

* 141092, parella no seu paso postnupcial, Cospeito (LU); L. J. Salaverri.

* Boa cobertura do paso da primavera do 93: 2002-300493 na lagoa de Cospeito (LU); L. J. Salaverri. 180393, femia na barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez. 090493, macho na lagoa de Muro, Porto do Son, (CO); M. A. Conde, X. López. 010593, macho no río Limia, Rairiz da Veiga, (OU); P. Alonso, I. Mosquera, R. Salvadores.

* Ave algo retrasada de máis: 230593, macho na lagoa de Budiño, O Porriño (PO); F. Arcos, R. Salvadores, C. Vidal.

ANAS DISCORS Cerceta aliazul Cerceta Aliazul

* Invernantes 1992: 1 no encoro de Castrelo.

ANAS CLYPEATA Pato cullerete Pato Cuchara

* Invernantes 1992: 967 (542 na ría de Ortigueira).

* Invernantes 1993: 943 (417 en Ortigueira).

NETTA RUFINA Parrulo rubio Pato Colorado

* Primeira cita de cría da especie en Galicia: 180892, femia na compañía de 6 polos dunhas 5 semanas de idade, encoro de Castrelo (OU); S. Gonzalez, A. Villarino.

* Invernantes 1993: 2 (enseada Umia-O Grove, e S. Simón)

AYTHYA FERINA Parrulo choupón Porrón Común

* Invernantes 1992: 1393 (338 na enseada de S. Simón, CO)

* Invernantes 1993: 1087 (427 no encoro de Fervenzas, PO)

AYTHYA NYROCA Parrulo ferruxento Porrón Pardo

* Invernantes 1993: 2, no encoro de S. Martiño (OU).

AYTHYA FULIGULA Parrulo cristado Porrón Moñudo

* Invernantes 1992: 2978 (1699 no encoro de Castrelo).

* Cría confirmada: 170792, lagoa grande de Cospeito, (LU); L.J.Salaverri.

* Invernantes 1993: 2276 (1655 no encoro de Castrelo)

AYTHYA MARILA Parrulo caribranco Porrón Bastardo

* Invernantes 1992: 8

* Enseada Umia-O Grove: Parella presente no primeiro periodo invernal do 92 ate o 210292, quedando xa logo o macho ata ó 150392; A partires do 061292, macho de primeiro inverno; A. Rodríguez.

* 270192, 2 femias ou xuvenís na lagoa de A Frouxeira, Valdoviño (CO); J. Mouriño.

* 291192, 1 xuvenil en Mougás, xunto con 146 A.fuligula en Forno do Duque, A Guarda (PO); F. Arcos

* Invernantes 1993: 3 (1 en Ponteceso e 2 no esteiro do Miño).

* 150393, 1 macho na barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); posteriormente 1 macho de primeiro inverno a partir do 051293; A. Rodríguez.

* 181193, 1 macho na enseada de S. Simón, Vilaboa (PO); C. Vidal.

SOMATERIA MOLLISIMA Eider Eider

* Invernantes 1992: 1 na enseada de S. Simón, (PO).

* Invernantes 1993: Por segundo ano consecutivo, a enseada de S. Simón acolleu o único eider contabilizado no censo de invernantes.

CLANGULA HYEMALIS Parrulo rabudo Havelda

Cando menos 13 achegáronse no primeiro periodo invernal do 92.

* Bando de 6 aves (inmature e cinco femias) no primeiro periodo invernal do ano 92 ata o 26 de xaneiro na zona de A Lanzada-O Grove-Umia; xa logo 4 aves o 0802 e 1 ave os días 9 e 2202; A. Rodríguez.

* Outras citas de 1-2 aves: 180192, 2 no esteiro do Miño (PO); J. Mouriño. 280192-090292, femia ou xuvenil en Mougás, Oia (PO); R. Salvadores, C. Vidal. 040192-160292, femia adulta na enseada de Seaia, Malpica (CO); xa vai polo terceiro ano consecutivo que se detecta a invernada dunha femia adulta nesta mesma enseada; A. Bartolomé. 050292, 2 en Lourido, Muxía (CO); J. Mouriño.

* Sorprendente cita terra adentro: 270192, 1 ave no encoro de Cecebre (CO); J. Mouriño.

* 1993, observacións na ría de Vigo: 271093-211293, macho primeiro inverno invernando en Praia América, Nigrán (PO); M. A. Conde, I. Mosquera, R. Salvadores, C. Vidal. 141193, femia mudando a inverno no porto de Panxón (PO); J. L. Ucha. 121293, femia na Area Madorra, Nigrán (PO); M. A. Conde, I. Mosquera, R. Salvadores.

MELANITTA NIGRA Parrulo pentumeiro común Negrón Común

O primeiro inverno do ano 92 trouxo moitos superándose o milleiro de aves no censo de invernantes, e con varias observacións de bandos de máis de un cento. Por contra, o ano 93 mostrouse bastante ruín.

* Invernantes 1992: 1331 (mais de 400 aves tanto na ría de Arousa como na Costa da Morte).

* 180192, 270 na enseada da Lanzada; A. Rodríguez.

* 050292, bando de 45 (5 machos, 3 deles xuvenís) na ría de Camariñas (CO); J. Mouriño.

* Invernantes 1993: 29

MELANITTA FUSCA Parrulo mourelo Negrón Especulado

* Invernantes 1992: 2 (costa de Lugo e ría de Arousa)

* 05-091293, 2 femias ou xuvenís na praia de Patos, Nigrán (PO); R. Salvadores, T. Salvadores, C. Vidal.

BUCEPHALA CLANGULA Parrulo ollodouro Porrón Osculado

* Invernantes 1992: 1 na enseada de Umia-O Grove.

* Interessante cita no interior: 060392, 1 femia na pequena lagoa de Sobrado dos Monxes, (CO); C. Cortizo.

* Invernantes 1993: 1 na lagoa de Doniños.

MERGUS SERRATOR Mergo cristado Serreta Mediana

* Invernantes 1992: 196 (170 na ría de Arousa).

* Invernantes 1993: 118 (97 na ría de Arousa).

* 121293, femia na enseada de Ladeira, Baiona (PO); J. Mouriño.

PERNIS APIVORUS Miñato abelleiro Halcón Abejero

* Alguns datos de posible cría: 310592 e 010692, parella en Quiroga (LU); L.J. Salaverri. 21-220792, serra do Xurés, Lobios (OU); A. Rodríguez.

* Soamente individuos solitarios: 030693, Mondoñedo, (LU); L.J.Salaverri. 160693, Quiroga (LU); C.Cortizo. 270693, en Casaio, Carballeda de Valdeorras (OU); J.L. Ucha. 100993, 1 sobrevoa a lagoa de Budiño, O Porriño (PO); C. Vidal.

ELANIUS CAERULEUS Peneireiro cincento Elanio Azul

Unha única cita desta interesante rapina que calquera dia vai criar en Galicia.

* 300793, 1 en Xares, A Veiga (OU); J. Guitián, L. Ector.

MILVUS MIGRANS Miñato queimado Milano Negro

Parecen definitivamente pasados os tempos en que era moi difícil observar unha destas aves en Galicia

* 230292, primeiro do ano na Limia (OU); J. Mouriño.

* Outras citas do 92: 280392, pescando peixiños e coméndoos en voo na lagoa de Cospeito (LU); L.J.Salaverri. 220592, 1 ave en Ordes, e outra ó 130792, en Mesón do Vento (CO); I. Munilla. 300792, 1 en Duxame, Cruces (PO); A. Rodríguez.

* 100592, 1 ave no vasureiro de Lalín (PO); nos últimos anos detectouse a presenza de 1 a 3 miñatos neste vasureiro (abril e maio veñen sendo os meses que concentran a maior parte das observacións); M. A. Agulló.

* Primeiros do ano: 200393, Lagoa de Cospeito (LU); L.J.Salaverri. 070493, 2 en Cobas, Rubiá (OU); I. Munilla.

* Outras observacións do 93: 300493, 1 en Abegondo, (CO); A. Rodríguez. 150693, 2 en Quiroga (LU); C. Cortizo. 040893, de Portomarín a Belesar en barco, observáronse un total de 18 aves (2+1+1+1+9+2+1+1) voando sobre o encoro; R. Romero, J. Giménez.

* Ultima cita, xa tarde de mais: 141193, 1 no vasureiro de Lalín (PO); M. A. Agulló.

MILVUS MILVUS Miñato real Milano Real

* 301093, 1 no alto do Canizo, A Gudiña (OU); J.L. Ucha.

NEOPHRON PERCNOPTERUS Abutre branco Alimoche

Mantense a dúbida con respecto da cría nestes dous anos da única parella da especie en Galicia.

* A parella que vén criando na Serra da Enciña da Lastra nos últimos anos, foi vista repetidamente nas cercanías de Cobas, Rubiá (OU) nos meses de xuño e xullo do 92. Damos como probable a súa nidificación neste ano; J. Guitián, P. Guitián, T. Bermejo.

* 050493, 1 adulto en Cobas, Rubiá (OU); Javier Guitián.

GYPS FULVUS Abutre leonado Buitre Común.

* 170592, 1 ave adulta na serra de O Candán, Silleda (PO); M. A. Agulló, P. Alonso.

CIRCAETUS GALLICUS Aguia albela Aguila Culebrera

* Primeiras cobreiras do 92: 160492, parella na Serra de Queixa, Chandrexa (OU); I. Munilla. 270492, Parella en voo nupcial, Vilamartín de Valdeorras (OU); C.Cortizo.

* 150892, 1 sobre o río Ulla, Monterroso, (LU); J. Mouriño.

* Primeiras de volta no 93: 060493, 1 no val do río Soldón, Quiroga (LU); I. Munilla, J. Guitián, R. Romero, M. P. Ondina. 070493, parella en Casoi -unha delas levaba unha cobra- Sobradelo (OU); I. Munilla, R. Romero. 180493, Parella en voo nupcial, A Rúa (OU); C. Cortizo.

* Citas quizais dos pasos migratorios: 200493, 1 ave sobrevoando monte pretiño da beiramar, Traba, Laxe (CO); M. López Caeiro. 280893, 1 en Castro de S. Fiz, Antas de Ulla (CO); J. Mouriño.

CIRCUS AERUGINOSUS Rapina arpella Aguilucho Lagunero

* Víronse rapinas cando menos por dúas veces no esteiro do Miño: 1 femia ó 180192; J. Mouriño, e 1 femia ou inmaturo ó 011192; A. Rodríguez. E tamén en Cospeito (LU): 1 macho de segundo ano ó 210392 e 1 femia en varias datas do mes de setembro; L. J. Salaverri.

* Outras zonas cunha soa observación: 270192, femia ou xuvenil na lagoa de A Frouxeira, Valdoviño (CO); J. Mouriño. 050592, 1 na lagoa de Budiño, O Porriño (PO); J. Mouriño, F. Sierra, P. Sierra. 160592, femia ou xuvenil na Veiga da Saínza, Rairiz da Veiga (OU); R. Salvadores, C. Vidal. E finalmente, 221192, femia ou xuvenil na lagoa de S. Pedro de Muro, Porto do Son (CO) ó 221192; F. Arcos, M. A. Conde, R. Salvadores.

* No 93 A Limia aportou a maior parte das observacións: 210393, 1 macho; F. Arcos, M.A. Conde, I. Mosquera, R. Salvadores. 300493, femia ou xuvenil; J. Mouriño. 010593, macho ou xuvenil; P. Alonso, I. Mosquera, R. Salvadores. 200593, femia ou xuvenil; J. Mouriño.

* 140893, inmaturo e femia adulta na lagoa de Cospeito (LU) foi o único "doblete"; L. J. Salaverri.

CIRCUS PYGARGUS Rapina cincenta Aguilucho Cenizo

* 150492, primeiros do ano, 2 machos e 2 femias en Couso, Irixo (OU); ademais confirmase a cría de 3-4 parellas na comarca; M.A. Agulló.

* 260492, 6 xuntos en Manzaneda (OU); C.Cortizo.

* Primeira observación: 170493, Veiga de Pumar, Castro de Rei (LU); L.J. Salaverri.

BUTEO BUTEO Miñato común Ratonero Común

* 210792, rateiro acosado por gaiivotas cae o mar aínda que posteriormente fai por remontar voo, Illa de Ons (PO); J. Mouriño, R. Rodríguez.

* 300493, ocupando niño de aguia real, primeiros voos dos polos o 160693, Ribas de Sil (OU); C.Cortizo

AQUILA CRYSAETOS Aguia real Aguila Real

* 1992, cría confirmada e datos de fenoloxía e produtividade: 200492, adulto chocando; 250492 pito de poucos días; 300692 primeiros voos do pito; Nordés de Ourense; C. Cortizo. 200692, atopouse niño con xuvenil xa grande e completamente emplumado; Surés de Ourense; I. Munilla, R. Romero.

* Remata o estudio do estatus da especie en Galicia, levado a cabo por un grupo de traballo que foi creado no I Congreso de Ornitoloxía. No ano 92 recolléronse observacións de 12 individuos e 7 parellas, case que todas na provincia de Ourense. Confirmouse a nidificación de 3 parellas que lograron quitar un polo, ademais de 3 parellas probables e 1 posible.

* Intento de cría: 280393, deitada no niño (probablemente chocando); visitas posteriores (maio e xuño), indican abandono; Nordés de Ourense (OU); C.Cortizo.

HIERAAETUS PENNATUS Aguia caudal Aguila Calzada

* Observacións de aves solitarias: 270592, na Fonsagrada (LU); C.Cortizo. 080892, individuo fase escura, Cospeito (LU); L. J. Salaverri.

* 06-0792, observacións repetidas no concello de Rubiá (OU); J. Guitian.

* No ano 1993 observáronse aves solitarias: 120893 en Ponte Monforte (LU); 130893, val do Navea, S. Xoán de Río, (OU); J. M. Martínez. 221093, individuo fase clara, Padrón (CO); L. Tapia del Rio.

* A especie pódese considerar como habitual na Serra da Enciña da Lastra, Rubiá, (OU), segundo datos das últimas tempadas; J. Guitian.

HIERAAETUS FASCIATUS Aguia perdiceira Aguila Perdicera

* 270693, parella de adultos en Pena Trevinca (OU); J.L. Ucha

PANDION HALIAETUS Aguia peixeira Aguila Pescadora

Varias citas na provincia de Ourense, onde aparece como invernante regular xa dende o ano 1988 (Primeira cita 160288); segundo informan M. E. Theotonio et al.

* 280192, 2 en Alongos no encoro de Castrelo é a primeira cita do ano; mentres a última observación foi ó 110292 con 1 en Quenlle tamén no mesmo encoro; M.E. Theotonio, F. J. Fernández, G. Fernández, A. Theotonio.

* 090193, 1 no encoro de Frieira (primeira cita do inverno 92/93); a última foi vista ó 230193 en Alongos, no encoro de Castrelo. No segundo periodo invernal, 1 no encoro de Castrelo, Puga ó 131293; M. E. Theotonio, F. J. Fernández, G. Fernández, A. Theotonio.

* 171093, 1 ave no esteiro do Miño, A Guarda (PO); R. Costas, M. G. Pousa; C. Blanco; M. Arias.

FALCO COLUMBARIUS Esmerillón Esmerejón

* 130492, 1 ave perto da canle de Antela, Sarreaus (OU); F. Arcos, M. A. Fernández, X. Barcia, R. Salvadores.

* 211292, xuvenil ou femia na xunqueira de Carnota (CO); A.Bartolomé, J. L. García Allut.

* No 93, varias observacións na Limia (OU): 260293, macho ou inmaturo en Sandiás; R. Salvadores, C. Vidal. 210393, 1 na Veiga da Saínza, Rairiz da Veiga; F. Arcos, M. A. Conde, I. Mosquera, R. Salvadores. 100493, 1 macho en A Porqueira; F. Arcos, R. Salvadores, C. Vidal.

FALCO SUBBUTEO Falcón pequeno Alcotán

* Primeiras chegadas: 260492, Cospeito (LU); L.J.Salaverri. 060592, Chandelores, Sanxenxo (PO); I. Munilla. 090592, O Grove (PO); A. Rodriguez.

* 010892, intento de captura de galo da braña (*Vanellus vanellus*), Cospeito (LU); L.J.Salaverri.

* 071092, predación sobre estornio (*Sturnus sp.*). Bardancos (LU); L.J.Salaverri.

* Primeiros do ano 93: 100493, 2 en Rairiz da Veiga (OU); F. Arcos, M. A. Conde, I. Mosquera, R. Salvadores. 110493, 1 en Aldán, Cangas (PO); R. Salvadores. 240493, Lagoa de Cospeito (LU); L.J.Salaverri.

* Concentracións na Limia: 230493, 40; F. Sierra. 210593, 12; J. Mouriño.

* Ultimos en marchar: 021093 enseada Umia-O Grove (PO); A. Rodríguez. 081093, As Lagoas, Ourense (OU); A. Villarino. 091093, Barreiros (LU); L.J.Salaverri. 101093, inmaturo capturando pequeno passer, Reza, Ourense; A. Villarino.

FALCO PEREGRINUS Falcón peregrino Halcón Común

* Datos de fenoloxía para o ano 92: 290492, ocupando niño de aguia real con 3 polos pequenos, Quiroga (LU). 270592, polo con plumaxe completo, A Fonsagrada (LU); C.Cortizo.

* 060493, intento de captura dunha choia (*P. pyrrhocorax*), Paradapiñol, Quiroga (LU); I. Munilla, M. P. Ondina.

* Máis datos fenolóxicos: 080493, adulto chocando, Coreixido, O Bolo (OU); I. Munilla, R. Romero. 180493, adulto chocando no mesmo niño de aguia do ano anterior, Quiroga (LU); C.Cortizo.

ALECTORIS RUFA Perdiz roxa Perdíz Común

* 220792, adulto con 7 polos na Illa de Ons (PO); J. Mouriño.

* 090893, 28 xuvenís peonando pola beira da estrada, Corredoiras, (CO); I. Munilla, J. Giménez.

PERDIX PERDIX Charrela Perdiz Pardilla

* 070493, 3 no val do S. Xil, Casaio, Sobradelo (OU); algo por baixo do límite altitudinal inferior da especie en Galicia; J. Guitián.

COTURNIX COTURNIX Paspallás Codorniz

* 030993, escoitados os últimos paspallás, A Madanela, Cruces (PO); I. Munilla, M. Rodríguez, R. Romero.

* 081293, cazouse 1 en Carbia, Cruces (PO); M. Rodríguez, R. Romero.

RALLUS AQUATICUS Rascón de auga Rascón

* 1992, censo da poboación nidificante na provincia de Ourense: 5-10 parellas; A. Villarino, S. González.

* 120493, cría segura en Ponteceso (CO); A. Rodríguez.

CREX CREX Rascón de terra Guión de Codornices

* 1092, 1 cazado en Tomiño (PO); I. Munilla.

GALLINULA CHLOROPUS Galiña de río Polla de Agua

* Censo da poboación nidificante na provincia de Ourense no ano 92: 175-190 parellas; A.Villarino, S. González.

* No ano 93, amplíase a área de nidificación na provincia de Ourense con dúas parellas probables no río Limia entre Ponte Liñares a As Conchas; J. Mouriño, P. Alonso.

* 201093, xuvenís de postas tardías na canle de Antela, (OU); J. Mouriño.

FULICA ATRA Galiñola Focha Común

* Invernantes 1992: 1792 (516 en Valdoviño)

* Censo da poboación nidificante na provincia de Ourense no ano 92: 23-55 parellas; A. Villarino, S. González.

* Invernantes 1993: 1355 (379 na provincia de Ourense)

TETRAX TETRAX Sisón Sisón

* 080593, primeira observación (non pasan o inverno na zona), Campos da Espiñeira, Cospeito (LU); L.J.Salaverri.

* 300793, 2 femias e 1 macho en Pardemarín, A Estrada (PO); A. Rodríguez.

HAEMATOPUS OSTRALEGUS Gavita Ostrero

* Invernantes 1992: 1137 (máximo 411 na ría de Arousa).

* 190192, 654 na enseada Umia-O Grove; A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 1537 (603 na enseada Umia-O Grove).

* 040293, bando de 44 en praia do porto de Baiona (PO); I. Munilla.

* 190493, 6 adultos en plumaxe nupcial en tres illas (Sálvora, Noro, A Vionta) da ría de Arousa; A. Rodríguez.

HIMANTOPUS HIMANTOPUS Patuda Cigüeñela

* 260492. 3 na Ría de Foz (LU); L.J.Salaverri.

* Observacións estivais que poden suxerir intentos de nidificación no ano 92: 060593, parella na xunqueira da Ramallosa, Baiona (PO); C. Vidal. 160592, parella na barreira de Rouxique, Sanxenxo (PO); A. Rodríguez. 120693, parella perto de S. Vitorio, Xinzo (OU); F. Arcos, C. de la Huz, M. Mariño, R. Salvadores.

* No ano 1992 foi descuberta a que pensamos pode ser a primeira cita de nidificación da especie en Galicia: Colonia de cría na enseada da Insua, Ponteceso (CO) con 6 parellas que sacaron 18 polos; J. L. Rabuñal.

* 120693, 14 adultos e dous niños na pequena colonia de Ponteceso, ó 040893, 2 parellas con 2 polos; A. Rodríguez.

RECURVIROSTRA AVOSETTA Avoceta Avoceta

* Invernantes 1992: 1 na ría do Eo.

* Invernantes 1993: 2 (na ría do Eo, e en Ponteceso).

BURHINUS OEDICNEMUS Pernileiro Alcaraván

* Invernantes 1992: 5 en Corrubedo.

* Invernantes 1993: 1 na ría de Vigo.

* 170193, 1 ave no heliporto da enseada da Ladeira, Baiona (PO); J. Mouriño.

* 220593, 1 ave nas dunas do Carregal, Ribeira (CO); M.A. Conde.

CHARADRIUS DUBIUS Pílara areeira Chorlitejo Chico

* 100592-160592, nidificación probable no río Limia, Sandiás - Xinzo, (OU); R. Salvadores, R. Costas, C. Vidal.

* 270693, adulto na beira do río Miño, Caldelas de Tui, Tui (PO); I. Mosquera, R. Salvadores.

CHARADRIUS HIATICULA Pílara real Chorlitejo Grande

* Invernantes 1992: 524 (máximo 260 na ría de Arousa)

* Invernantes 1993: 274 (máximo 78 en Ponteceso)

CHARADRIUS ALEXANDRINUS Pílara papuda Chorlitejo Patinegro

* Invernantes 1992: 68

* No ano 1992 preséntase un completo estudio do seu estatus reproductor en Galicia: estimouse unha poboación total de 140-154 adultos (66-72 parellas); J. A. de Souza, J. Fafián, M. Caeiro, J. Velasco, A. Monteagudo. Nos areas da Lanzada confírmase a cría de 2 parellas que dan sacado cando menos 3 polos; A. Rodríguez.

* Invernantes 1993: 138

* Cría de 3 parellas na Lanzada, Sanxenxo (PO) no ano 93, e que sacan entre todas 4 polos; A. Rodriguez.

PLUVIALIS APRICARIA Pílara dourada grande Chorlito Dorado

* Invernantes 1992: 441 (150 na ría do Eo e 110 en Cospeito)

* 240192, bando de 60 nos entullos da mina de Meirama, xunto con 25 V. vanellus; J. Mouriño.

* Datos do paso de primavera: 010592, 6 en Baldaio, Carballo (CO); J. Mouriño.

* Invernantes 1993: 286 (174 en Corrubedo)

PLUVIALIS SQUATAROLA Pílara cincenta Chorlito Gris

* Invernantes 1992: 2564 (1620 na ría de Arousa).

* Invernantes 1993: 2786 (1922 na ría de Arousa)

VANELLUS VANELLUS Galo da braña Avefría

* Invernantes 1992: 4993 (3095 na provincia de Lugo).

* 270192, bando de 600-700 en Cecebre (CO); J. Mouriño.

* De 18 a 25 parellas nidificantes entre Cospeito (LU) e A Limia (OU) no ano 92; R. Salvadores, F. Arcos, R. F. Ramón.

* Invernantes 1993: 2578 (1341 na provincia de Lugo).

* 080593, adultos cando menos con 1 polo nos Campos da Espiñeira, Cospeito (LU); L.J.Salaverri.

CALIDRIS CANUTUS Pilro groso Correlimos Gordo

* Invernantes 1992: 11

* Invernantes 1993: 42

CALIDRIS ALBA Pilro bulebule Correlimos Tridáctilo

* Invernantes 1992: 138 (45 esteiro do Miño, 42 Ponteceso).

* Primeiras entradas: 200492, bando de 20, Baldaio, Carballo (CO); J. A. de Souza.

* Invernantes 1993: 162

